

consecución dunha educación inclusiva de calidade supón que as nenas e os nenos con discapacidade deberán educarse nos colexios ordinarios, de maneira que poidan compartir a súa experiencia educativa cos seus iguais -os demais nenos e nenas- e alcanzar para eles o mesmo fin básico que a educación ten que acadar para todos.

Para garantir o dereito á educación inclusiva de calidade é absolutamente necesario que se garantan nos centros ordinarios os apoios e axustes necesarios para atender adecuadamente as diversas necesidades educativas que teñen os nenos e as nenas con discapacidade.

O problema de base é que o modelo do sistema educativo, que contempla a posibilidade de que os nenos e as nenas con discapacidade sexan segregados para recibir a súa educación en centros de educación especial (ou nunha modalidade combinada, na que o neno ou a nena ten que asistir uns días ao centro ordinario e outros ao centro de educación especial, cos cambios que iso representa para a súa educación a todos os niveis) non se adecúa ao actual sistema internacional e nacional dos dereitos humanos; é un modelo que se remonta á Lei de 1982 de integración social dos minusválidos e que pouco foi mellorado polas posteriores leis educativas.



Neste sentido, a adecuada interpretación do que hoxe en día implica o dereito a unha educación inclusiva de calidade supón entender que esixe garantir unha educación de calidade e gratuíta para todos os nenos e todas as nenas con discapacidade en igualdade de condicións ca o resto dos seus iguais. Isto supón que todos deben educarse no mesmo sistema de educación xeral, co que se deben garantir os apoios e axustes necesarios para atender adecuadamente as diversas necesidades educativas que presenten. Significa tamén entender a necesaria modificación dos centros de educación especial tal como están entendidos, e convertelos en centros de recursos de apoio para que o alumnado con discapacidade poida ter realmente unha educa-

ción de calidade en igualdade de condicións nos centros ordinarios.

Para exercer ese dereito, esixímonos-lles ás Administracións cambios en todo o sistema educativo: deseño para todos e todas, accesibilidade universal, axustes razoables, adaptacións curriculares, preparación do profesorado e profesionais especializados, atención ás actividades non lectivas e extraescolares (tratamento acorde coas súas necesidades para desenvolver a súa personalidade), que están moi lonxe de ser unha realidade no sistema educativo español e cuxa ausencia supón unha vulneración do dereito fundamental á educación, xa que estes nenos e nenas se atopan nunha posición de desigualdade.